- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.

UD	Título da UD	Duración
4	Les vacances	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas das vacacións, o tempo meteorolóxico, as paisaxes naturais e as estacións do ano, usando tempos verbais Condicional e o Futuro	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que ño caso da oralidade estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita sobre temas das vacacións, o tempo meteorolóxico, as paisaxes naturais e as estacións do ano, usando tempos verbáis Condicional e o Futuro.		
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita sobre temas das vacacións, o tempo meteorolóxico, as paisaxes naturais e as estacións do ano, cos tempos verbáis Condicional e o Futuro.		
CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple sobre temas das vacacións, o tempo meteorolóxico, as paisaxes naturais e as estacións do ano, cos tempos verbáis Condicional e o Futuro.		
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos sobre temas das vacacións, o tempo meteorolóxico, as paisaxes naturais e as estacións do ano, cos tempos verbáis Condicional e o Futuro.		
CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Escribir un email, completar frases cos novos tempos verbáis.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples sobre temas das vacacións, o tempo meteorolóxico, as paisaxes naturais e as estacións do ano cos tempos verbáis Condicional e o Futuro.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada a gramática nova dada para formar textos oráis e escritos máis elaborados.		
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos sobre temas das vacacións, o tempo meteorolóxico, as paisaxes naturais e as estacións do ano, cos tempos verbáis Condicional e o Futuro.		
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adequación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos sobre temas das vacacións, o tempo meteorolóxico, as paisaxes naturais e as estacións do ano, cos tempos verbáis Condicional e o Futuro.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia sobre temas das vacacións, o tempo meteorolóxico, as paisaxes naturais e as estacións do ano.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Usar estratexias para pedir de novo a información.	TI	60
CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas aos temas das vacacións, o tempo meteorolóxico, as paisaxes naturais e as estacións do ano.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utilizar patróns sonoros e escritos previamente asimilados.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar unha actitude de respecto cara aos estilos de vida diferentes e da diversidade de paisaxes.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar e contrastar o vocabulario sobre temas das vacacións, o tempo meteorolóxico, as paisaxes naturais e as estacións do ano.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utilizar e valorar os formatos analóxicos e dixitais como fontes de coñecemento.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Respetar os propios erros e os dos demais.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias na lingua francesa		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos cara aos estilos de vida diferentes e da diversidade de paisaxes.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Aceptar e respectar a francofonía.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar en proxectos de presentación de diferentes países francófonos.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar de forma axeitada os coñecementos aprendidos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos).</li> </ul>

## Contidos

- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).
- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.



## Contidos

- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada ten como base un modelo de ensinanza comunicativo (cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma) e orientado á acción, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está a estudar. Parte dunha idea do alumnado como usuario da lingua. Este enfoque ten como centro a realización de tarefas: na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, solicitamos información, expresamos opinións...) e isto é o que debe aprender a facer o alumnado.

As liñas xerais de actuación serán as seguintes, e forman parte de cinco bloques de contido:

- Bloque 1: (B1) Comprensión de textos orais
- Bloque 2: (B2) Produción de textos orais
- Bloque 3: (B3) Comprensión de textos escritos
- Bloque 4: (B4) Produción de textos escritos
- Bloque 5: (B5) Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

- A produción oral se traballará fundamentalmente mediante a realización de jeux de rôle, o uso do francés como lingua de comunicación na aula, intercambios orais entre profesor e alumnos e a realización de pequenos xogos. A participación dos alumnos na aula debe incentivarse e valoraremos positivamente os seus esforzos por comunicarse en francés. Se insistirá en que o alumnado empregue o francés (dentro das súas limitacións) para comunicarse co profesorado e cos compañeiros/as. Fomentaremos unha pronuncia intelixible e certa fluidez en fórmulas habituais, evitando corrixir constantemente cuestión gramaticais ou fonolóxicas. Débense corrixir se interfiren na comunicación e a posteriori, unha vez realizada a tarefa, cando non afecte ó desenvolvemento desta.

- A comprensión oral se traballará mediante a realización de exercicios sistemáticos centrados na comprensión global e específica de documentos sonoros e audiovisuais breves e sinxelos. Procuraremos que os documentos utilizados estean dispoñibles en internet para que o alumnado poida volver a escoitalos na casa se o desexan. Moitos/as alumnos/as desanímanse cando non entenden todo o que se di no documento á primeira, e deixan de esforzarse por intentar comprendelo, aínda que sexa so parcialmente. Insistirase na tolerancia da comprensión parcial e na perseverancia no esforzo de comprensión, escoitando os documentos varias veces. Na aula, o profesorado utilizará o francés como lingua de comunicación, o que supón unha exposición do alumnado á lingua e unha práctica, polo tanto, desta destreza. Empregarase un vocabulario adecuado ó nivel e procurarase que a dicción sexa clara e que o ritmo non sexa moi rápido.

-A comprensión escrita. É a destreza na que os alumnos adoitan ter menos dificultades. Sen embargo, algúns bloquéanse cando atopan algunha palabra descoñecida nos textos. Traballaremos estratexias que lles permitan inferir significados e recordarémolles que non é necesario coñecer todas as palabras dun texto para comprender o seu significado global. A produción escrita é quizais a destreza máis difícil xa que poden ter tamén dificultades para expresarse de forma cohesionada e coherente na súa lingua materna.

Traballaremos esta destreza fundamentalmente a partir de textos modelo que se analizarán para comprobar como se pode redactar un texto ben estruturado cuns coñecementos limitados do idioma. Unha vez traballado o texto modelo e os elementos que fan del un bo texto o alumnado deberá completar a tarefa establecida apoiándose nas expresións e estruturas traballadas. A aprendizaxe da gramática e do léxico. Os exercicios de gramática, ortografía ou léxico introduciranse en función dunha tarefa concreta, para axudar ó desenvolvemento desta, antes dela (como actividade de planificación) ou despois (como actividade de reforzo). Os/as alumnos/as realizarán este tipo de exercicios fundamentalmente fóra da aula. Evitarase na medida do posible o uso de metalinguaxe nas explicacións e utilizaremos como punto de partida os coñecementos previos do alumnado noutras linguas. Para procurar o

dinamismo na clase e evitar monotonía procuraremos alternar as tarefas relativas ás diferentes destrezas (aínda que daremos prioridade ás actividades de expresión e comprensión oral, máis difíciles de facer na casa) e fomentaremos as actividades comunicativas de tipo práctico e o máis lúdicas posible. Potenciaremos a motivación do alumnado (factor clave para a aprendizaxe do francés) mediante as seguintes estratexias: valorar os logros (aínda que non alcancen as expectativas), fomentar actividades participativas nas que o alumnado sexa protagonista e teña oportunidade de falar, utilizar xogos didácticos, contribuír a un bo ambiente de clase mostrando un interese persoal polos alumnos, plantexar os obxectivos como alcanzables, propoñer exercicios voluntarios e valorar (especialmente nas tarefas de produción escrita) os aspectos positivos ademais de facer notar os erros.

A metodoloxía estará baseada nos seguintes principios:

- INPUT fundamentalmente oral. Dado que se trata dunha iniciación a outra lingua parécenos moi importante concede-la meirande importancia á lingua oral, e non pasar ó traballo do escrito ata o momento de estar ben asentados os principios fonolóxicos correspondentes. Damos prioridade á comprensión oral e escrita en relación coa expresión, xa que estamos no inicio da aprendizaxe, para crear unha bagaxe importante de coñecementos pasivos na lingua oral e na lingua escrita que facilite un avance máis rápido.

- Uso do francés como lingua de comunicación na aula na medida do posible, aumentando o uso progresivamente. Recurriremos á lingua materna sempre que sexa necesario, especialmente para explicacións que poidan dar lugar a confusión. Favorecerase un clima no que o erro sexa normal e desdramatizado.

- Actividades comunicativas, baseadas no principio do *¿trou d'information¿*, e cunha temática relacionada cos intereses dos alumnos e alumnas. Plantexamos situacións de comunicación próximas á vida real dos adolescentes de hoxe e aos seus intereses máis profundos. Introducimos logo a lingua funcional en situacións de comunicación reais, pero tamén situacións imaxinarias, imposibles, curiosas, absurdas ou cómicas que provocan a sorpresa e incitan a comezar a falar ou a escribir. Cando sexa posible, estas actividades serán xogos.

- Organización dos contidos en unidades didácticas rematadas cada unha nunha tarefa final comunicativa, auténtica ou simulada, para integrar e sintetizar as diversas competencias.

- Acostumar ao traballo en grupo, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade.

- Favorece-la reflexión sobre a lingua e a aprendizaxe, e a importancia concedida á autoavaliación. Ter en conta o que xa saben para servir de apoio ás novas aprendizaxes, e incitando en todo momento á comparación co funcionamento do galego e do castelán

Manteremos relacións de correspondencia clásica e mediante Internet con outros Colexios de Francia (tamén a través da plataforma *¿e-twinning¿*). Isto favorece a motivación e introduce na aula documentos auténticos e o uso real e non simulado da lingua que están a aprender, aparte da interese pola rexión, cidades, costumes, festas, etc... do alumnado co que intercambiaremos información. Tamén nos permite inicia-lo uso das TIC (facer fotos dixitais da clase e escribir unha carta colectiva e mandala por correo electrónico, por ex.).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto "Jeux de mots Plus 3 (Livre de l'élève)"
Cahier de l'élève (Libreta adaptada ás instrucións explicadas o primeiro día)
Correo electrónico para dudas
Material de elaboración propia
Documentos auténticos
Páxinas web vinculadas ao FLE
Diccionarios en papel e en liña



Recursos dixitais (tradutores, conxugadores...)
Xogos de elaboración propia
Probas tipo DELF e outras certificacións
Aula virtual

- No día a día empregaremos o libro de texto Jeu de mots + 3, da editorial Vicens Vives para as actividades e os textos, xunto coa aula virtual de clase para reproducir vídeos ou completar contidos dun xeito máis específico.
- A libreta será utilizada para facer exercicios e engadir contidos explicados na clase.
- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.
- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.
- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (diccionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Wordwall, etc.).
- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.
- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permítelle ao profesorado establecer o perfil da súa clase e axustar o seu proxecto pedagóxico. Nas dúas primeiras semanas do curso, pediráselle ao alumnado que cubra uns cuestionarios con contidos de anos anteriores, sobre diferentes aspectos lingüísticos e culturais relativos á francofonía. En base aos resultados tomaranse as decisións oportunas con respecto ás pautas didácticas a seguir no curso. Faranse tamén probas que mostren as súas habilidades comunicativas escritas e orais, habilidades sociáis e oratorias, etc.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>25</b>	<b>30</b>	<b>35</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	42	40	36	40	<b>39</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	58	60	64	60	<b>61</b>

#### Criterios de cualificación:

Procedementos de avaliación continua e sumativa:

A avaliación do alumnado deberá ser continua, nun proceso no que a súa propia participación (a autoavaliación) terá un papel importante. Atenderáse ao desenvolvemento de capacidades e ao esforzo e traballo individual e colectivo desenvolvido así como á consecución dos obxectivos propostos.

A avaliación sumativa axúdalle ao alumno a medir os seus progresos e a identificar os seus puntos fortes e débiles. Cando se trata de medir competencias de comunicación, a comunicación é a prioridade: nas primeiras fases, a

corrección formal está ao servizo da mesma e non é un fin en si mesma. Desta maneira, en determinadas actividades poderá obter mellor resultado un alumno que cometa faltas por «arriscar» que un que non comete erros, pero que non envía unha mensaxe auténtica. Unha certa corrección formal e o respecto das normas lingüísticas básicas é necesaria para garantir a comprensibilidade e a precisión da mensaxe. Con tarefas específicas, o profesorado axudará ao alumnado con dificultades para que alcancen o nivel que estime necesario para a súa integración no grupo e na dinámica da clase. Ó tomar en consideración no momento de avaliar as diferentes competencias por separado, así como os diferentes modos de aprender, axudará a «equilibrar» o grupo, dando a súa oportunidade á maior parte de alumnas/os posible. A avaliación continua non está concibida para castigar, senón para animar, estimular.

Os procedementos de avaliación estarán en relación co logro da competencia comunicativa e o desenvolvemento e consecución das catro destrezas (comprensión e produción oral e comprensión e produción escritas), así como a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais. Nestes niveis de debutantes a avaliación formativa debe ser prioritaria. De todos os xeitos, dado que no contexto escolar é necesaria unha avaliación sumativa, establecemos os seguintes criterios:

A expresión oral avaliarase na actividade de aula, nas interrelacións cos compañeiros e compañeiras e coa profesora. Pode tamén establecerse unha proba específica individual, atendendo ós obxectivos de cada unidade: saber presentarse, dicir onde se vive, falar da familia, etc., na que se avaliará a corrección formal, a pronunciación, a soltura; en resumo, a capacidade de que a mensaxe se transmita correctamente.

A comprensión oral avaliarase cunha proba de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a comprensión sobre os temas das unidades: relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, situar obxectos no espazo, identificar obxectos ou imaxes, identificar e saber responder ás mensaxes da profesora ou dos compañeiros/as.

A comprensión escrita avaliarase tamén con exercicios adecuados a cada nivel: descubrir erros, completar imaxes, sinalar persoas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos, etc.

A expresión escrita avaliarase con exercicios a través dun modelo (enquisa, pregunta- resposta, fichas, etc.), redacción de textos sinxelos (descricións, cartas ou correos electrónicos, etc.), adecuados a cada nivel.

A reflexión sobre a lingua avaliarase tamén con exercicios de pregunta-resposta, encher ocios, separar palabras, completar frases a partir de imaxes, etc.

## TIPOS DE AVALIACIÓNS

### AVALIACIÓN CONTINUA:

A avaliación desta materia é continua. Polo tanto, malia que a nota final poida ser unha media das tres avaliacións, e non haxa probas de recuperación durante o curso, non se poderá aprobar o curso se non se superan os contidos no terceiro trimestre. Non se fará media das tres avaliacións se non está aprobada a terceira.

Dado que os contidos son progresivos e se reutilizan dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, (25% + 35% + 40%) o que serve de recuperación. Non se realizarán exames de recuperación das distintas avaliacións, senón que cada avaliación enténdese como recuperada se se aproba a avaliación seguinte.

### AVALIACIÓN ORDINARIA:

Cando un(ha) alumna/o non acade o 5/10 de media das tres avaliacións deberá presentarse a unha proba escrita final de toda a materia impartida. A valoración desta proba é sobre 10 puntos.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

#### 1. Observación na aula :

- ORAL: Frecuencia na participación oral . Uso da lingua oral na aula: estratexias de comunicación alternativas cando non se coñecen palabras ou formas, por exemplo preguntar vocabulario, facer perífrases, buscar sinonimos, explicar con xestos... sen medo os erros.
- TRABALLO EN GRUPO: Participación activa e respetuosa nos grupos de traballo.
- TRABALLO INDIVIDUAL: Corrección e realización puntual das tarefas propostas no caderno, das fichas e dos traballos. Corrección (ortográfica, gramatical , sintáctica e comunicativa) na realización dos exercicios dirixidos e creatividade na realización dos exercicios libres.

#### 2. Probas obxectivas:

En cada trimestre poderán realizarse na aula probas obxectivas dos contidos mínimos para acadar os obxectivos establecidos. Realizarase mínimo 1 proba obxectiva por trimestre, quedando ao criterio do profesor realizar máis se así o considera oportuno. Poderán ser orais como escritas.

#### 3. Tarefas:

Realizaranse algunhas tarefas na casa e na aula tanto escritas como orais: traballos, actividades de redaccións (escribir unha carta ou un e-mail), de descrición, exercicios de ampliación... que serán valorados de xeito positivo ou non no caso de non ser entregadas en prazo polo alumnado.

#### 4. Traballo na aula:

Tomarase en conta o comportamento do alumnado: a iniciativa e o interese, a participación, a capacidade de traballo en grupo, os hábitos de traballo, o cumprimento das tarefas e prazo.

#### 5. Outros instrumentos

- A asistencia a clase co material requirido e boa disposición.
- A participación activa e unha actitude correcta en clase servirán para medir a expresión e comprensión oral.
- O interese e a actitude fronte á materia e con respecto á docente e ao resto do grupo.
- Rúbricas e escalas de avaliación

En canto ás Actividades de avaliación propiamente ditas, os controis escritos serán, polo menos, un por trimestre. Estes poderán ser puntuados de forma variada, segundo o criterio da profesora, agora ben, o alumnado coñecerá o resultado numérico desa puntuación así como a equivalencia no sistema tradicional de valores entre 1 e 10 puntos. Ao final do trimestre tamén darase a coñece-lo resultado das notas destes controis en referencia á nota xeral da avaliación.

No caso de facer varios controis escritos, poderá valorarse máis o último, por considerar que abarca máis materia e implica maior dificultade. En todas estas probas incluíranse contidos das unidades anteriores, sobre todo no que á competencia lingüística refírese.

No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando na realización dun exame, este suspenderá directamente esa avaliación. Para recuperar dita avaliación terá a posibilidade de repetir un exame similar na avaliación seguinte. Gardarase a nota deste exame para o cálculo da nota media final da materia. Se o alumno ou alumna é sorprendido copiando no exame na terceira avaliación, o alumno terá que ir ao exame final de recuperación de toda a materia.

Faranse ademais controis puntuais na clase de vocabulario, verbos, fichas de comprensión, ditados, pronunciación, diálogos e lectura. Estas probas serán puntuadas seguindo o criterio do profesor ou da profesora, sendo cada unha delas un instrumento de avaliación continua e significativo para valorar o proceso de aprendizaxe de cada un dos alumnos.

Considerarse como comportamentos "negativos, a falta de traballo na aula, a ausencia de material de traballo, a non realización das tarefas, a interrupción do normal desenvolvemento da clase, faltas de respecto, falta inxustificada a clase, etc. Para poder aprobar o trimestre, o alumnado terá que obter unha nota mínima, nos controis escritos, de 3 puntos sobre 10. Consideramos aprobado a nota numérica de 4,5.

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.
- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para 3º ESO son os seguintes:

- 10% cuaderno de clase do alumno, esforzo, progresión e participación activa na aula.
- 10% comprensión escrita
- 10% expresión oral
- 10% comprensión oral
- 10% expresión escrita
- 50% contidos gramaticales

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica, os cales se poden ver no apartado 3.1 da programación. Así teríase o seguinte:

1ª AVALIACIÓN:  $20 \times \text{NotaUD1} + 40 \times \text{NotaUD2} + 40 \times \text{NotaUD3} / 100$

2ª AVALIACIÓN:  $42,86 \times \text{NotaUD4} + 57,14 \times \text{NotaUD5} / 100$

3ª AVALIACIÓN:  $50 \times \text{NotaUD6} + 50 \times \text{NotaUD7} / 100$

A cualificación final da materia virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación.

Avaliación final ordinaria =  $(25 \times \text{Nota}_{1ª} \text{ aval} + 35 \times \text{Nota}_{2ª} \text{ aval} + 40 \times \text{Nota}_{3ª} \text{ aval}) / 100$

Tamén se pode calcular esta cualificación final en función dos pesos das distintas unidades didácticas, mediante a seguinte expresión matemática:  $(5 \times \text{NotaUD1} + 10 \times \text{NotaUD2} + 10 \times \text{NotaUD3} + 15 \times \text{NotaUD4} + 20 \times \text{NotaUD5} + 20 \times \text{NotaUD6} + 20 \times \text{NotaUD7}) / 100$

No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, deberá modificarse a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar a terceira avaliación non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.

### **Criterios de recuperación:**

1. Dado que os contidos son progresivos e se reutilizan dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación. Non se realizarán, exames de recuperación das distintas avaliacións, senón que cada avaliación enténdese como recuperada se se aproba a avaliación seguinte.
2. Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.
3. Avaliación extraordinaria: O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria ao final da 3ª avaliación terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas previamente establecidas. Nesta proba, o alumno ou alumna deberá demostrar ter adquirido, polo menos, o grao mínimo de consecución dos obxectivos correspondentes ao curso do que se trate. A proba consistirá en preguntas de gramática, léxico, funcións comunicativas e comprensión escrita. Para superar a materia na avaliación extraordinaria, o alumno ou alumna terá que obter unha cualificación igual ou superior a 5. Na cualificación desta convocatoria, a nota do exame representará o 100%.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

#### AVALIACIÓN DE PENDENTES:

-Alumnos que promocionan coa materia pendente de 2ºESO e seguen cursando Francés :

Poderán recuperar a materia directamente, sen ter que facer ningunha proba específica de recuperación, se obteñen resultados positivos nas dúas primeiras avaliacións. O profesor apoiaraos e prestaralles unha atención especial para que poidan superar as deficiencias detectadas.

Ademáis, os alumnos recibirán diversos materiais para ir traballando ao longo do curso. Estes traballos serán entregados ao profesorado responsable e, a través delas, comprobaráse o progreso. Devanditos materiais consistirán en exercicios de reforzo, de ampliación, en realización de fichas de léxico e outras tarefas como descripcións e redaccións. Estas actividades valoraranse sempre tendo en conta o interese, o progreso e esforzo persoal, e a entrega dos traballos cumprindo o prazo.

Os alumnos e alumnas que non entregasen todos os boletíns de exercicios da materia durante o curso e que non sacase notas positivas nas dúas primeiras avaliacións do curso actual poderán realizar un exame global nunha data posterior ao mes de marzo que o alumno coñecerá con suficiente antelación.

Neste caso, a nota do exame global suporá o 100% da nota final, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 para superar a materia.

O exame global consistirá en preguntas de gramática, léxico, funcións comunicativas e comprensión escrita partindo dos *¿Contidos mínimos¿*.

- Alumnos que promocionan coa materia pendente e NON seguen cursando Francés:

A recuperación da materia pendente organizarase en dúas partes:

-Primeira parte: O departamento facilitaralles aos alumnos e alumnas un ou varios boletíns de exercicios, que deberán ir realizando ao longo do curso e entregar á xefa do departamento, na data establecida, para a súa corrección. A realización dos exercicios propostos, a entrega na data prevista e o interese do alumno por superar as dificultades que atope suporán un 25% da nota final.

Segunda parte: Na data establecida polo centro para a recuperación da materia pendente (data que será comunicada ao alumnado con toda a anterioridade posible) farase un exame global da materia. O exame será escrito e similar aos exercicios que foron proporcionados aos alumnos e corrixisos polo profesor/a. Elaborarase a partir dos estándares mínimos esixibles.

O exame consistirá en preguntas de gramática, léxico, funcións comunicativas e comprensión escrita. A cualificación deste exame suporá o 75% da nota final. Para superar a materia, o alumno deberá acadar unha nota superior ou igual a 5, calculada a partir das porcentaxes especificadas anteriormente.

Os alumnos e alumnas que non entregasen todos os boletíns de exercicios da materia durante o curso poderán realizar o exame global.

Neste caso, a nota do exame global suporá o 100% da nota final, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 para superar a materia.

Os alumnos e alumnas que non conseguisen superar a materia do xeito descrito no puntos anteriores, terán a oportunidade de superar a materia pendente na avaliación extraordinaria. Neste caso, deberán superar unha proba global que estará composta por preguntas de gramática, léxico, funcións comunicativas e comprensión escrita. Para superar a materia, o alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 5.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Medidas organizativas para a atención á diversidade:

3º DA ESO: 74 ALUMNOS/AS, 29 MATRICULADOS EN FRANCÉS

O alumnado de 3º da ESO está distribuído en catro grupos

Organizáronse as seguintes medidas de atención á diversidade

- Exención da segunda lingua estranxeira (Francés)
  - Alumnado con Adaptación Curricular Significativa (ACS)
- 2 alumnos

O alumnado de lingua estranxeira, en xeral, presenta unha gran diversidade de características (intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe) que hai que atender. Desde o momento en que os alumnos/as optaron pola SLE, xa se está tendo en conta a diversidade dos seus intereses. A opcionalidade queda así suscitada, desde a súa orixe, como un espazo educativo onde prima unha formulación curricular aberta e flexible, e será a profesora quen interprete os diversos contidos, de acordo coa realidade das características persoais e grupais que caracterizan os alumnos/as do grupo co que se está traballando. Esta atención á diversidade debe aplicarse ao longo de todo o proceso educativo dun xeito efectivo e eficaz:

- Nun primeiro momento do proceso, facendo que cada alumno/a parta dos seus propios coñecementos e capacidades, consciente de que os seus avances no proceso serán valorados, en todo momento, tomando como referencia os seus coñecementos previos, sen esquecer que forma parte dun grupo.
- Nas diferentes fases do proceso, estimulando, corrixindo e valorando a cada alumno/a, avaliando, á súa vez, a eficacia constatada dos materiais e metodoloxías empregados.
- Ao final do curso académico, considerando os progresos alcanzados polo alumno/a con respecto ao seu propio punto de partida individual, máis que con referencia aos parámetros obxectivos da perspectiva grupal en xeral.

Polo que respecta ás medidas de atención á diversidade reguladas legalmente e das que dispón este centro, na materia de segunda lingua estranxeira, este curso, levamos a cabo as seguintes:

En caso de existir alumnado con dificultades de aprendizaxe, deseñaranse estratexias e actividades que lle axuden a acadar os obxectivos mínimos. En caso de existir alumnado con coñecementos elevados da segunda lingua estranxeira, por ter residido no país onde se fala, aproveitarase esa circunstancia para servir de modelo ao grupo no seu conxunto.

Medidas ordinarias

Organizativas:

-Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.

- a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.
- b) Espazos diferenciados.
- c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.

Curriculares:

-Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.

-Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.

-Programa específico para alumnado repetidor da materia.

Este curso académico, na materia de Francés contamos con 2 alumnos con TDAH polo que se levarán á cabo as adaptacións non significativas marcadas pola lexislación:

- adaptación de material
- adaptación de probas orais e escritas
- asegurarse de que o alumno comprende o que se lle pide en todo momento.
- acordar con el ou ela unha señal visual ou sonora para chamalo ao orde sen necesidade de facelo diante do grupo.
- reforzo positivo en todo momento
- revisar as súas tarefas e probas avaliadas para asegurarse de que non deixa nada sen facer
- cumprir en todo momento cos protocolos de atención á diversidade facilitados polo departamento de orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Actitude de aprendizaxe continua.	X	X	X	X
ET.2 - Actitude respectuosa polas obras do resto dos compañeiros e compañeiras	X	X	X	X
ET.3 - Iniciativa persoal, sen deixarse vencer pola timidez ou o medo a equivocarse, de pequenas expresións escritas e orais.	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.6 - Actitude respectuosa coas diferenzas culturais.	X	X	X	X

**Observacións:**

Na materia de francés traballaremos fundamentalmente os seguintes elementos transversais relacionados coas competencias básicas, o civismo e os valores éticos:

-A comprensión lectora e a expresión oral e escrita. Traballaremos distintas estratexias para que o alumnado mellore nestas competencias.

-A comunicación audiovisual. Utilizamos a menudo materiais audiovisuais: vídeos, cancións, video-clips, películas, episodios de series, etc. Traballaremos estratexias de comprensión e análise dos mesmos, fomentando espírito crítico do alumnado.

-As TIC. Incorporaremos o uso das TIC na materia: aula virtual, encerado dixital, elaboración de traballos en formato dixital.

-A iniciativa empresarial, a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza, a responsabilidade e o esforzo.

-O respecto ó noso entorno rural e urbán, salientando a importancia das boas conductas medioambientais e ecoloxistas para a conservación do planeta e a garantía de futuro das especies que nel habitamos, así como a importancia dun uso e consumo axeitados dos recursos que están ó noso alcance día a día. Transmitiremos, a través das actitudes, dos comportamentos concretos e das decisións que se toman no día a día das clases, os seguintes valores:

-A igualdade efectiva entre homes e mulleres, e a prevención da violencia de xénero. Evitaranse comportamentos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

-A prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, e especialmente no do acoso escolar. Promoverase a creación do ambiente de respecto mutuo na aula: respectarase a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, e a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.

-A xusticia, e a igualdade de trato, evitando calquera tipo de discriminación.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a obras teatrais e cinematográficas en francés.	Asistir a obras teatrais e cinematográficas en francés para que o alumnado reciba Input diferente ao xa recibido na aula.		X	
Posible intercambio de cartas por correo (ordinario e vía internet) con alumnado dun centro educativo de Francia	Co fin de traballar a comprensión e a expresión escrita na lingua estranxeira, así como de coñecer aspectos socioculturais e de familiarizarse co contexto real e as costumes de xóvenes da súa idade pero de outro país.		X	
Os criterios de avaliación e contidos da materia artículanse en distintos bloques temáticos: o marco xeográfico e histórico das civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental senta as bases desta materia. O estudo das relixións grega e romana, as manifestacións deportivas relacionadas e as festividades relixiosas son tamén unha temática de interese. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, o mundo das divindades e dos heroes e das heroínas, e o seu mantemento na cultura contemporánea. No bloque relativo a arte merecen especial atención o legado das civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo. Por iso cómpre salientar distintas manifestacións como as artes plásticas, a arquitectura, a escultura e as artes decorativas, e, pola outra, a literatura e a súa creación de xéneros literarios que inflúe en toda a nosa tradición literaria. Outro dos bloques dedícase á sociedade e á vida cotiá, á organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, á existencia da escravitude, ao papel das mulleres na Antigüidade clásica, á vida pública e privada, e aos valores cívicos. Non ámbito lingüístico estúdanse principalmente a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das actuais partindo do concepto de familia lingüística e centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen ou grego e o latín e da que deriva unha boa parte das linguas modernas. Inclúese un percorrido a través da orixe e da evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos prestando especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica neste ámbito será permitirlle ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos co fin de espertar a curiosidade do alumnado polas linguas clásicas e achegalo dun modo que o sorprenda e rompa cos estereotipos consolidados. O bloque restante irá enfocado a iniciar ou alumnado en valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural de carácter material e inmaterial da humanidade e das humanidades.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

### Descrición:



### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	Marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. Localización nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	9	10	X		
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.	9	10	X		
3	Mitoloxía grecorromana	Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Pervivencia da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. Relixión romana: culto público e privado. Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	10	10	X	X	X
4	Arte grecorromana	Fundamentos e etapas da arte clásica. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. Presenza da civilización grecolatina nas artes.	10	10	X	X	X
5	Política	Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. Presenza da civilización grecolatina na organización política actual.	8	7	X		
6	Sociedade	Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda,	8	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Sociedade	hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. Presenza da civilización grecolatina na organización social actual.	8	8		X	
7	Espectáculos públicos	Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.	8	8			X
8	Familias lingüísticas	As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. As linguas romances.	8	8		X	
9	Escritura	Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.	8	8		X	
10	Helenismos e latinismos	Composición e derivación culta de orixe grega e latina. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.	8	8			X
11	Literatura	Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	8	8			X
12	Fraseoloxía en grego e latín	Fórmulas básicas de saúde en latín e/ou grego, e fraseoloxía básica do mundo escolar.	6	10	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Descibir axeitadamente en formato papel ou en liña a maioría das localizacións propostas.	PE	80
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localizar en mapas en formato papel ou en liña as localizacións propostas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar e identificar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> <li>- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Identificar e relacionar en orde cronolóxica cada unha das etapas históricas e coñecer, cando menos, algunha característica identificativa.	PE	80
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identificar e recoñecer algunhas características, persoeiros, feitos históricos, etc. e saber elaborar un eixe cronolóxico coas datas propostas.		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Coñecer e identificar algunha das características propostas da romanización.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna e no país a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</li> <li>- Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</li> <li>- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Mitoloxía grecorromana	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer, cando menos, máis da metade dos mitos e heroes propostos, atopando semellanzas con outras mitoloxías.	PE	80
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	O alumnado deberá atopar algunha semellanza e conexión entre a relixión grega e as actuais.		
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Descibir e distinguir os indicadores que diferenzan o culto público do privado.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da mitoloxía clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar grazas aos atributos das divindades o nome das principais deusas e deuses, a súa área de influencia e relacións entre eles e elas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano.</li> <li>- Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.</li> <li>- Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos.</li> <li>- Relixión romana: culto público e privado.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Arte grecorromana	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distinguir algunhas características da arte clásica e relacionalas con obras artísticas actuais.	PE	80
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identificar en edificios singulares características da arquitectura grecorromana.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer e identificar características da escultura grecorromana en obras representativas.		
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Recoñecer e identificar características do urbanismo romano especialmente na actualidade.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localizar algunha das construcións clásicas que se conservan en España e no resto de Europa.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fundamentos e etapas da arte clásica.</li> <li>- Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.</li> <li>- Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.</li> <li>- Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.</li> <li>- Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Política	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identificar características da organización política grecorromana e establecer a súas semellanzas e diferenzas cos sistemas políticos actuais.	PE	80
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos dos sistemas políticos clásicos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica nos sistemas políticos actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Sociedade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distinguir e clasificar características das clases sociais en textos propostos.	PE	80
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Coñecer os membros da familia e describir o papel que desempeñan.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	O alumnado deberá demostrar que coñece algúns dos trazos máis salientables da vida cotiá grecorromana.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da sociedade clásica nas artes e sociedades actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civiiazción clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.</li> <li>- A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.</li> <li>- Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.</li> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Espectáculos públicos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identificar e comparar algunha das formas de lecer da antigüidade clásica co mundo actual.	PE	80
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Identificar e comparar algunha das manifestacións deportivas da antigüidade clásica co mundo actual.	TI	20
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos do lecer e o deporte do mundo clásico na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Familias lingüísticas	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	O alumnado deberá identificar, distinguir, recoñecer e relacionar algunhas das linguas europeas e as súas familias.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.</li> <li>- As linguas romances.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Escritura	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	O alumnado deberá distinguir, comprender e recoñecer os sistemas de escritura propostos e os seus elementos gregos e latinos.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes.</li> <li>- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Helenismos e latinismos	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	O alumnado deberá distinguir e identificar termos cultos e patrimoniais e os fenómenos fonéticos da súa evolución.	PE	80
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	O alumnado deberá utilizar con propiedade a terminoloxía proposta en textos escritos.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza de latinismos e helenismos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</li> <li>- Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</li> <li>- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.</li> <li>- Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.</li> <li>- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	Literatura	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	O alumnado deberá identificar e relacionar as características dos xéneros literarios grecolatinos en textos propostos.	PE	80
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza da literatura clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.</li> </ul>

Contidos
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
12	Fraseoloxía en grego e latín	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	O alumnado deberá usar correctamente as fórmulas de saúdo e o léxico básico da aula.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Explicarase agora e de xeito abreviado as distintas metodoloxías educativas. Para lograr que teñan éxito, é fundamental a variedade nas actividades, a referencia reiterada a contidos anteriores e actuais e a inclusión na súa xusta medida do compoñente lúdico. Este poder á abordarse establecendo relacións entre os contidos tratados e situacións de actualidade.

- Lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos, etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora e que illustren os temas que se tratarán.
- Potenciaranse as técnicas de estudo proporcionando para elo métodos de traballo válidos.
- Incentivar a participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público.
- Uso das tecnoloxías informáticas para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o aprofundamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.
- Recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular e grazas a iso poder á conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.
- Comentarase aos alumnos os aspectos importantes da programación.
- Traballaremos con técnicas de aprendizaxe cooperativa, nas que o alumnado terá a oportunidade de interactuar nun contexto académico. Este método permitiranos amosarlles que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados se todos os seus membros se esforzan ao máximo e son responsábeis da tarefa que se lles encomenda. Atenderase á diversidade na aula cos medios que o profesor teña ao seu alcance.
- Traballo interdisciplinar: a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Latín, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Filosofía, Historia da Arte, Historia, Xeografía, Antropoloxía, etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitiranos achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.
- Outras metodoloxías como o traballo por proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (flipped

classroom), a aprendizaxe colaborativa, a ludificación, etc. que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimicen resultados e fagan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado.

- Utilizarase un libro de texto como orientativo.

- Adaptaranse os contidos ós intereses do alumnado e ó seu nivel , ademáis de tentar conectarlo coa realidade política, social e cultural do momento facendo que valore críticamente a súa pertenza na a sociedade de hoxe. O enfoque estará orientado á realización de tarefas e resolución de problemas tanto individualmente como en grupo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro: Cultura Clásica (Código aberto)l da editorial Casals.
Materiais de elaboración propia coa incorporación de contidos e actividades seleccionadas do libro.
Enderezo electrónico, acceso a internet (casa, aula, biblioteca...).
Caderno de escritura tamaño DIN A4.
Aulas con computadores e/o recursos TIC.
Material funxible dispoñible no departamento, Biblioteca ou no centro educativo.
Aula Virtual da páxina web do IES María Sarmiento.

Utilizaremos alternativamente os materiais do libro de texto e os materiais e actividades propostas polo profesor de tal maneira que o minipórtatil ou o computador persoal se utilicen en clase para realizar algún exercicio ou cuestionario ou para unha busca puntual de información. Porén, durante as explicacións e o traballo habitual en clase utilizarase o encerado tanto convencional como dixital.

Ademais tamén faremos uso do conxunto de materiais do departamento de Grego ou da Biblioteca así como o material elaborado por alumnos, alumnas e profesor ( blogue / site / wikispace, etc.) exposto publicamente axudados pola motivación, a variedade de materiais e a gamificación da aula.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar o posible alumnado repetidor e os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Xeografía e Historia ou materias lingüísticas. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase, presentaremos na segunda sesión lectiva unha proba escrita de diagnóstico con cuestións xerais diversas referidas a cada unha das unidades didácticas do curso. Os datos desta proba serán soamente indicativos tanto para o profesor como para os pais ou titores e para os propios alumnos (no caso de que o soliciten).

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	80	100	0	80
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	20	0	100	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>6</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	100	<b>76</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	0	<b>24</b>

### Cráterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

A cualificación final de cada avaliación calcularase a partir dunha única proba escrita unha vez tratadas todas as Unidades Didácticas correspondentes a cada avaliación (ou a parte que corresponda) que supoñerá o 80 % da nota final da avaliación. As táboas de indicadores en distintas variantes: probas escritas ou orais, actividades, presentacións en distintos formatos, sesións mayéuticas, etc. supoñerán o 20 % da nota final da avaliación.

Na proba escrita de cada avaliación respectarase o peso que ten en cada Unidade Didáctica na proba escrita como instrumento de avaliación notificándoo con antelación aos alumnos o valor de cada ítem na proba escrita. Igualmente as táboas de indicadores ten un peso específico dentro da cualificación que se notificará con antelación, é dicir, notificarase o valor numérico de cada táboa de indicadores.

A nota final de avaliación obterase por tanto seguindo criterios porcentuais e calcularase sobre 10 e considerase superada cun 5 como mínimo: media ponderada de todas as Unidades Didácticas seguindo as seguintes fórmulas:

1.<sup>a</sup> avaliación:  $[(UD1 \times 9) + (UD2 \times 9) + (UD3 \times 3) + (UD4 \times 3) + (UD5 \times 8) + (UD12 \times 2)] / 34$

2.<sup>a</sup> avaliación:  $[(UD3 \times 3) + (UD4 \times 4) + (UD6 \times 8) + (UD8 \times 8) + (UD9 \times 8) + (UD12 \times 2)] / 33$

3.<sup>a</sup> avaliación:  $[(UD3 \times 4) + (UD4 \times 3) + (UD7 \times 8) + (UD10 \times 8) + (UD11 \times 8) + (UD12 \times 2)] / 33$

(O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte: 1.<sup>a</sup> aval: 34% / 2.<sup>a</sup> aval. 33% / 3.<sup>a</sup> aval. 33%).

O multiplicador de cada UD é o peso da mesma en cadanseu trimestre. A este resultado, en cada avaliación restaráselle -0'1 p. por cada falta de asistencia non xustificada. No caso de que un alumno ou alumna supere o máximo de faltas permitidas aplicaráselle a perda de avaliación continua seguindo os protocolos vixentes respecto diso.

Asemade, o resultado obtido para cada trimestre deberá ser dividido entre 34 para a primeira avaliación, 33 para a 2.<sup>a</sup> e tamén 33 para a 3.<sup>a</sup> avaliación que son as porcentaxes achegadas respectivamente para obter unha nota en base 10.

#### CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media aritmética das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula:  $(1.<sup>a</sup> \text{ aval.} \times 0,34) + (2.<sup>a</sup> \text{ aval.} \times 0,33) + (3.<sup>a</sup> \text{ aval.} \times 0,33)$

1.<sup>a</sup> avaliación achega o 34 % da cualificación final.

2.<sup>a</sup> avaliación achega o 33 % da cualificación final.

3.<sup>a</sup> avaliación achega o 33 % da cualificación final.

Na avaliación final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,49 será 6 e 6,50 poderá redondearse a 7, sempre a criterio do profesorado.

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.
2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, actividades, presentacións en distintos formatos, sesións mayéuticas, etc. en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

#### **Criterios de recuperación:**

Realizarase ao principio de cada avaliación (na 2ª e 3ª) unha proba escrita con cuestións referidas a todos os contidos explicados ata ese momento a modo de recompilación das UD desa avaliación que servirá ao alumnado como recuperación dos apartados non superados durante o trimestre para o caso de que a cualificación do trimestre sexa inferior a 5. Con todo, o feito de aprobar a terceira avaliación supón automaticamente superar a materia calculando a nota final - seguindo a media aritmética anteriormente sinalada- coa 1ª e 2ª avaliacións cunha nota de 5.

No período posterior á terceira avaliación e antes da avaliación final, haberá una nova proba de recuperación individualizada para o alumnado que non superou determinadas unidades didácticas para o caso de que a cualificación final non chegase a 5 (na 3ª avaliación).

A nota obtida nas probas de recuperación substituirá a nota anterior que estivese suspensa das correspondentes UD e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia.

Tamén os alumnos e alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua presentaranse a unha única proba escrita de todas as UD do curso e a nota do exame será o 100% da nota da materia cos redondeos anteriormente indicados.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O principal obxectivo deste procedemento é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas e irá dirixido ao alumnado que promoció sen superar a materia, seguindo o artigo 51 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan de reforzo para ese alumnado.

O departamento programará as actividades que o alumnado debe realizar durante o curso, o seguimento, os criterios de avaliación e o profesorado responsable en 4.º que será, en principio, o profesorado encargado da facer o seguimento do alumnado que promoció a 4.º coa materia pendente. En último caso, se non existe esa posibilidade porque non se imparta esta materia en 4.º, o xefe ou xefa de departamento é o responsable do seu seguimento de non cursar o alumnado esta materia no curso actual xa que a materia de Cultura Clásica soamente pódese cursar nun dos dous cursos, 3º ou 4º da ESO.

O seguimento destes programas realizarase nas sesións de reunión do equipo docente do grupo no que cursa o alumnado.

Deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento da súa lectura e probas escritas en datas equidistantes ao longo do curso.

A nota será produto da media aritmética de todas as notas obtidas nas probas propostas durante o curso.

Informarase deste apartado e dos apartados correspondentes ao alumnado e aos pais / titores legais nun documento chamado "Información xeral da materia".

## 6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.
- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo emocional.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.
- É fundamental e accesible tamén o reforzo da lectura comprensiva na nosa materia.
- Outras medidas como a ampliación e afondamento para alumnado que o requira, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas, aínda que esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirse que elementos do currículo deberán ser modificados. Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.
- alumnado con necesidades educativas especiais.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregaralles un material de apoio para traballar durante o curso con apoio das profesoras correspondentes. Este material (ben propio ou xa elaborado afondará naqueles aqueles aspectos que o alumno ou alumna poda facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar). Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- exercicios previos para comprender mellor a materia.
- exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.

Do mesmo xeito, ao alumnado que amose un especial interese, procurarase entregarlle material (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundar en aspectos concretos do programa de contidos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.						X		
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X			X	X		X
ET.7 - A educación emocional e en valores.						X		X
ET.8 - A igualdade de xénero.			X		X	X	X	
ET.9 - A creatividade.			X	X				
ET.10 - A educación para a paz.		X			X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.				
ET.4 - A competencia dixital.	X		X	
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.			X	
ET.7 - A educación emocional e en valores.				X
ET.8 - A igualdade de xénero.			X	X
ET.9 - A creatividade.	X		X	
ET.10 - A educación para a paz.				

### Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de lectura de textos de mitoloxía na Residencia para persoas maiores de Viveiro (1 hora aproximadamente posiblemente no 1º trimestre).	A principal finalidade desta actividade é relacionar a comunidade educativa con outras comunidades da contorna que habitualmente non teñen acceso a recursos educativos. A actividade realizarase sempre que o centro receptor poida participar xa que en caso contrario non será posible.	X		
Asistencia á representación de obra de teatro dentro do ciclo de teatro grecolatino de Lugo.	Asistencia ás obras de teatro clásico e visita á cidade que alberga o Festival, no mes de marzo / abril, normalmente. Ademais de participar nunha actividade cultural de interese como é o teatro, poderemos visitar a cidade de Lugo cuxo patrimonio romano é dun valor inconmensurable.		X	

### Observacións:

Algunha outra actividade como asistencia a exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
Metodoloxía empregada
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.



Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
Medidas de atención á diversidade
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Clima de traballo na aula
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

### Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarse nas reunións que o Departamento celebra cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

## **9. Outros apartados**

### **1. Documento informativo**

Elaborarase un documento informativo para alumnos / pais/ titor- a de o grupo / titores legais do alumnado que conteña os seguintes apartados: Nome da materia e curso / Obxectivos da materia / Resumen de criterios de cualificación e criterios de recuperación. Este documento facilitaráselle a todo o alumnado.

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013636	IES María Sarmiento	Viveiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación Dixital	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

A educación dixital desenvolve un papel fundamental na sociedade actual porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, esta materia achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais. Na resolución de problemas con ferramentas dixitais conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das tecnoloxías da información proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.	TI	30
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, con apoios físicos ou dixitais		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais,</li> </ul>

## Contidos

- escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo ou consolidación.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Network 3 Student's Book.
Libro de exercicios Network 3 Workbook.
Versións dixitais dos libros anteriores.
Materiais de reforzo ou consolidación.
Materiais de consulta e elaboración propia
Recursos na web.
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua inglesa
Plataformas virtuais de aprendizaxe (E-dixgal)
Materiais e recursos auténticos
Equipos informáticos (pantallas, ordenadores, proxector, etc.)

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, favorecendo a inclusión e o enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

Ademais do mencionado, poderase facer uso doutros recursos obtidos de páxinas web. Neste sentido, a plataforma E-



dixgal pode servir para poñer a disposición do alumnado recursos extra, como canle para a entrega de tarefas ou como medio de comunicación.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dun test que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva:

- O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.
- O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
- O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 20%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita (cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta).

2. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4): 5%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 50%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita, que incluíra a redacción de textos e tamén o coñecemento de estruturas gramaticais e vocabulario da lingua inglesa ('Use of English').

4. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 3%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 2%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección e/ou diarios de observación

7 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección e/ou diarios de observación

Por tanto, tendo en conta o descrito, a cualificación trimestral conformarase por probas nun 80% (bloque 1) e pola avaliación continua a través de diferentes instrumentos nun 20% (bloques 2 e 3)

No segundo trimestre, o alumnado traballará cun libro de lectura, que se valorará dentro dos criterios de plurilingüismo e/ou interculturalidade (bloque 2 e/ou 3).

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres tendo en conta as porcentaxes máis arriba detalladas (20%-30%-50%). A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, non haberá exames de recuperación trimestrais e unha cualificación negativa nalgún dos tres trimestres podera ser recuperada se, tras aplicar a ponderación, a media é igual ou superior a 5.

### **Criterios de recuperación:**

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, non haberá exames de recuperación trimestrais e unha cualificación negativa nalgún dos tres trimestres podera ser recuperada se, tras aplicar a ponderación, a media é igual ou superior a 5. Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción oral e escrita, tendo en conta a diversidade do alumnado.

Esta proba final será avaliada da seguinte forma:

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 40%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita (cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar de resposta curta).

PRODUCCIÓN ORAL E ESCRITA, MEDIACIÓN E INTERACCIÓN (CA 1.4 + CA 1.5 + CA1.6 + CA 1.7 + CA 1.8 + CA 1.9 + CA 1.10): 60%

Instrumentos de avaliación: Proba oral e proba escrita, que inclue a produción oral e escrita de textos, a mediación escrita ou oral e tamén o coñecemento de estruturas gramaticais e vocabulario da lingua inglesa ('use of English').

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O profesorado dará ao alumnado pendente boletíns de repaso adaptados ao nivel do curso que teñan que recuperar. Cada profesor/a elaborará o seu calendario de prazos de entrega e recollida dos exercicios, que serán obrigatorios para aprobar o inglés pendente de cursos anteriores. O alumnado poderá superar a materia de dúas formas:

- No momento no que o/a alumno/a aprobe a 2ª ou sucesivas avaliacións do curso no que está matriculado/a (segundo os criterios de avaliación establecidos na programación), considerarase que o/a alumno/a superou a materia pendente de cursos anteriores.

- No caso de non cumprirse o suposto anterior, o alumnado realizará unha proba extraordinaria segundo calendario establecido pola Xefatura de Estudos. Esta proba terá un valor do 100%, do que un 20% será a comprensión escrita e un 80% a produción escrita (incluíndo a redacción de textos e o coñecemento da gramática e do vocabulario).

En calquera dos supostos é imprescindible a entrega das actividades.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Metodoloxías activas e inclusivas.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.

## 10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

### PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X				X	
ET.4 - Competencia dixital	X				X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X			
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico	X			X		
ET.7 - Educación emocional e en valores				X		
ET.8 - Igualdade de xénero				X		X
ET.9 - Creatividade		X			X	
ET.10 - Educación de calidade	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Saúde e benestar		X	X	X		X
ET.12 - Industria, innovación e infraestrutura				X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.13 - Produción e consumo responsábeis						X
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres			X			
ET.15 - Vida submarina			X			
ET.16 - Acción polo clima			X			

**Observacións:**

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso. Trátaranse tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obra de teatro	Contrataremos unha compañía de teatro para representar unha ou dúas obras de teatro no salón de actos. Esta actividade realizarase no segundo ou terceiro trimestre do curso. Irá dirixida ao maior número de alumnos/as posible, empezando desde primeiro da ESO en adiante. O custo da actividade corre a cargo do centro.		X	X

**Observacións:**

Ademais das actividades arriba desglosadas, nas clases trataremos de celebrar festividades anglosaxonas como Halloween (31 de Outubro), St. Patricks Day (17 de Marzo) ou April fools (14 de Abril), dándolles ao alumnado, sempre de xeito lúdico, información sobre as mesmas. Asemade, tamén se traballarán algunhas festividades ou días sinalados (día contra á violencia, o día dos dereitos humanos, o día da paz, o día da muller, etc.).

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.

Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
Metodoloxía empregada
Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Combínase o traballo individual e en equipo.
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Préstase atención aos elementos transversais.
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos elementos curriculares.
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

### Descrición:

O profesorado, ao termo de cada trimestre, responderán un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será: Sempre / Ás veces / Nunca

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo en cada trimestre e a final de curso. Tamén se avaliará a programación didáctica tendo en conta os seguintes indicadores:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos elementos curriculares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada criterio do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada criterio a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación dos elementos curriculares cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bacharelato].
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial.
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada criterio.
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos elementos curriculares.
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios e instrumentos de avaliación.
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

Tamén se deberán detallar os contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista a as medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013636	IES María Sarmiento	Viveiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	31
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	34

## 1. Introducción

A materia de Lingua Galega en 3º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa novidade do achegamento á historia da literatura galega ata comezos do século XX. Preténdese, por unha parte, mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na comprensión, produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados. Se nos dous cursos do primeiro ciclo se tentou potenciar a oralidade, neste terceiro ano vaise prestar máis atención á escrita, dende a comprensión e interpretación dos diferentes tipos de textos ata a creación tamén de diversos tipos de textos.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. As nosas decisións programáticas obedecen a dous grandes obxectivos educativos e sociais: conseguir e consolidar falantes para o galego e tamén un alumnado competente na escrita en lingua galega.

O terceiro bloque, «Educación literaria», procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural que comeza coa literatura da Idade Media e conclúe cos últimos representantes do Rexurdimento.

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe da gramática a través de diversas vías, como son a pescuda mediante o emprego dos novos medios, a súa aplicación práctica nos textos, entre outros.

Xunto aos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 3º de ESO está articulada arredor de oito unidades didácticas cuxos títulos dan conta de cancións galegas agás no caso da unidade 7 dedicada á publicidade onde a referencia é un anuncio. As devanditas unidades están articuladas segundo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O amencer da lingua máis nosa	<p>Comezamos o curso coa avaliación inicial a través dun texto narrativo, do que se irán coñecendo os seus trazos.</p> <p>Lembraremos as orixes da nosa lingua, a evolución da oralidade á escrita, que, exemplificaremos por medio da canción popular, das cantigas medievais de amigo e da canción actual en galego, portugués e catalán. Así iremos dando a coñecer o desenvolvemento histórico social de galego e portugués por medio de presentacións electrónicas sobre a historia da lingua galega e da literatura medievais galega e portuguesa.</p> <p>Tentaremos familiarizar o alumnado con ferramentas básicas como os dicionarios dixitais, que empregaremos para repasar as equivalencias entre os fonemas e as grafías do noso alfabeto e mais a forma e o significado das palabras.</p>	11	13	X		
2	As letras van de amor	<p>Reflexionarase sobre a evolución do papel da lingua galega, do ámbito informal ao uso escrito, despois dunha etapa de convivencia coa latín. Seguirase a desenvolver a lírica medieval galega coas cantigas de amor, relacionándoas coas que se desenvolveron na Occitania e que tiveran seguimento en Cataluña. A escoita das cantigas das voces de autores de Galicia e Portugal, permitirá tamén coñecer un trazo diferencial da nosa lingua: os sete fornemas vocálicos.</p> <p>Da narración literaria, pasarase á narración non literaria coa reportaxe, que converterá os rapaces e rapazas en xornalistas. A través da reportaxe analizarase así mesmo a coherencia textual para avanzar na creación de textos.</p> <p>A través das lecturas e de presentacións electrónicas repasaranse as regras de formación do xénero e do plural dos nomes, ademais de traballar na incorporación de novo vocabulario.</p>	11	13	X		
3	Novas e neves	<p>Reflexionarase sobre o contacto entre linguas e as súas consecuencias, mais tamén se verá como o contacto entre a cultura galega e a occitana contribuíu ao enriquecemento das nosas cantigas de escarnio e maldicir.</p> <p>Achégase o inverno, así que se irá dando a</p>	11	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Novas e neves	coñecer unha morea de vocabulario relacionado coa climatoloxía. A través da lectura dalgunha noticia, compararanse os trazos da reportaxe cos da noticia mediante a realización de cadros. Continuarase, así mesmo, co traballo de mellora na comunicación escrita, agora coa cohesión e os mecanismos que a facilitan.	11	12	X		
4	E como é?	Despois da análise de diversos fragmentos descritivos, coñeceranse os trazos da descrición e logo o alumnado aplicará os recursos descubertos para a creación de distintas descricións, orais e escritas. Partindo da súa presenza nas descricións, repasaranse os graos do adxectivo e mais as funcións das frases das que forman parte, xunto cos distintos tipos de determinantes. Analizarase a situación de marxinación da lingua galega e a importancia do labor dos Ilustrados e Precursores a prol da súa recuperación. Sempre a traves do manexo dos dicionarios dixitais e mais da lectura, mellorarase o coñecemento de vocabulario do alumando, neste caso centrándonos no relacionado coas árbores e a natureza en xeral.	11	13		X	
5	Rosalía xa non tece soa	Analizarase e reflexionarase, dentro do bloque da lingua e os falantes, como os prexuízos lingüísticos foron influíndo na sociedade galega e na súa relación coa lingua. Ademais, partir da exposición dos trazos do diálogo e mais do debate, tratarase este mesmo asunto relacionándoo tamén con textos de Rosalía, Dende a lectura e a interpretación dos poemas máis representativos, irase analizando a obra de Rosalía de Castro, a súa relevancia e a pegada. A presenza dos pronomes persoais, tanto nos textos poéticos coma nos textos dialogados, vainos permitir ir mellorando o coñecemento deles, prestando especial atención ás súas funcións sintácticas, á súa colocación e mais a utilidade como mecanismos de cohesión nos textos que se irán construíndo. Con respecto aos devanditos mecanismos de cohesión, achegarémonos aos signos de puntuación coa intención de progresar eliminar moitos dos erros de coherencia e cohesión que se cometen relacionados con eles.	11	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Rosalía xa non tece soa		11	13		X	
6	Aí vén o maio	<p>Achegarémonos ao léxico das novas tecnoloxías e a partir del reflexionárase sobre as reivindicacións do idioma, a súa recuperación e como os novos medios poden axudalo na súa supervivencia. De cara á mellora da comprensión lectora e mais da expresión oral, nesta unidade lerase e interpretarase a poesía de Curros Enríquez, da que tamén se irán coñecendo os seus trazos básicos.</p> <p>No bloque de Reflexión da lingua, ampliarase o coñecemento do verbo, prestando especial atención á alternancia vocálica e os principais valores dos distintos tempos verbais, enfocándoo sempre cara á súa aplicación nos textos.</p>	11	11		X	
7	Devólvovos unha lingua de ouro	<p>No bloque As linguas e os seus falantes, comentarase o proceso de normalización lingüística e mais as lexislacións lingüísticas que lles afectan ás linguas da Península. A partir da lectura dos poemas máis representativos de Pondal, identificaranse os elementos característicos e mais os seus recursos formais.</p> <p>De cara á mellora na comunicación oral e escrita, traballarase co léxico relacionado co mundo do mar, sobre todo cos nomes dos peixes.</p> <p>Na Reflexión sobre a lingua continuarase co coñecemento e a aplicación na práctica das formais nominais do verbo e as perífrases verbais. Tamén se repasará a acentuación, en especial o emprego do acento diacrítico.</p>	17	15			X
8	Arrólame cos ecos da fala	<p>Daranse a coñecer algunhas das consecuencias das linguas en contacto, a alternancia e a mestura de códigos, os préstamos e, fianlemente, algúns trazos fonéticos do galego.</p> <p>No bloque de Comunicación, crearase unha entrevista despois de descubrir os pasos precisos para a súa elaboración, manexarase os nexos e/ou conectores textuais. Coñeceranse a linguaxe e os demais trazos dos textos expositivos-informativos e pescudarase estas en diferentes textos dese tipo. Tamén se enriquecerá o vocabulario sobre os sentidos, con novas formas verbais, substantivos e adxectivos relacionados. A lectura dalgún poema e fragmento narrativo dos autores de finais do XIX e comezos do XX.</p> <p>No tocanto á Reflexión sobre a lingua,</p>	17	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Arrólame cos ecos da fala	aprenderase o manexo das principais preposicións, conxuncións e adverbios.	17	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O amencer da lingua máis nosa	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado, como mínimo, sabe explicar a historia da nosa lingua, a parte diferencial da historia da lingua portuguesa, identifica en textos a diferenza entre ambas.	PE	100
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	O alumnado, como mínimo, identifica nun texto algún trazo básico do catalán.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado explica e interpreta o contido das cantigas de amigo, analiza as relacións entre os seus elementos e conéctao co seu contexto.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado é quen de establecer vínculos entre as cantigas de amigo e a música actual, en función dos temas, estruturas.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado consulta os dicionarios na procura de sinónimos, contrarios, palabras homónimas e é quen de establecer as diferenzas entre as distintas relacións semánticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.



<b>Contidos</b>
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado relacionará algúns trazos da obra de Ponal para establecer diferenzas e posibles semellanzas coas do resto dos autores do Rexurdimento.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Creación dun microrrelato cunha temática relacionada co mar e en especial os peixes.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Ademais de traballar co léxico relacionado cos peixes e o mundo mariño, completárase a visión do acento diacrítico e das formas nominais do verbo, do infinitivo persoal e das perífrases verbais, valorando o dominio acadado.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Utilizando os coñecementos adquiridos sobre o acento diacrítico e o verbo, o alumnado revisará e corruxirá as construcións erradas presentes en distintos textos.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	A partir dalgunha entrevista e mais dalgún fragmento literario, o alumnado analizará as escollos lingüísticas do emisor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas,</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- mapas conceptuais, definici</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Arrólame cos ecos da fala	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado elaborará un pequeno traballo sobre o poeta Leiras Pulpeiro.	PE	100
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado comprenderá e valorará o sentido global, a estrutura, a información máis relevante de distintos textos expositivos-informativos.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado creará un texto expositivo partindo da planificación previa, presentando un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado informarse sobre a linguaxe inclusiva e terá que botar man das alternativas existentes de cara a mellorar algún fragmento.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado comprenderá e interpretará algúns poemas ou fragmentos das obras de Valentín Lamas Carvajal ou de Leiras Pulpeiro.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado incorporará para enriquecer os seus textos o léxico dos sentidos, o manexo dos nexos e conectores, os adverbios, preposicións, entre outros.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, será quen de dectectar e corrixir os erros relacionados coa ausencia de conectores, os castelanismos no uso dos verbos de sentido e os adverbios, preposicións e conxuncións de uso máis frecuente.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado transformará algún enunciado e explicará as mudanzas baseándose nos coñecementos adquiridos sobre a lingua e o seu uso ao longo do curso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do tex</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> </ul>

## Contidos

- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe da Lingua Galega e Literatura baséase na concepción construtivista do ensino. Polo que os presupostos teóricos e metodolóxicos nos que se fundamenta esta disciplina e o seu carácter basicamente instrumental son os mesmos ao longo de toda a etapa da ESO. A partir deles concíbese a estruturación do Currículo que permita aos estudantes de 3º da ESO acadar a competencia comunicativa para lograr unha maior maduración intelectual e humana e unha mellor preparación para os estudos de bacharelato e ciclos medios.

Ao longo deste curso de 3º da ESO vaise optar polo método expositivo-indutivo para propostas introdutorias ou visións panorámicas de conceptos, polo método de indagación para a aprendizaxe de procedementos e polo método activo para que o alumnado se sinta suxeito responsable do proceso de aprendizaxe e adopte actitudes favorables cara a dito proceso.

Os contidos parten sempre dos coñecementos previos do alumnado acadados na etapa anterior e, mediante un proceso de aprendizaxe recorrente que vai do uso á reflexión e da reflexión ao uso, preténdese que os estudantes vaian afondando nos contidos e actividades de maior complexidade discursiva, maior rigor analítico e precisión terminolóxica. Por conseguinte, o proceso de ensino-aprendizaxe desta disciplina xira en torno a dous compoñentes que se interrelacionan: o uso e a reflexión co fin de que os alumnos e alumnas acaden as destrezas, actitudes e coñecementos desexados.

O desenvolvemento da materia farase a través do libro de texto, Lingua e literatura de 3º da ESO da editorial Xerais, e de material que facilitarán os profesores a través da aula virtual e outros medios, estruturando a marcha do curso de maneira que nos dous ou tres temas que se van estudar en cada trimestre se desenvolverán apartados de cada un dos catro bloques en que se estrutura, tal e como se recolle na distribución dos contidos do curso.

Estratexias metodolóxicas:

Propónse unha clase activa na que o profesor impulse o traballo do alumnado co fin de que este participe e poida así acadar os obxectivos. As actividades deseñaranse en función das necesidades específicas do alumnado; pero, en xeral, seguirán o seguinte esquema:

- Presentación dun texto de lectura de tema variado e sobre o que traballarán diferentes aspectos:
- Actividades de comprensión e expresión: extraer informacións concretas, distinguir as ideas principais, realizar resumos, recoñecer o xeito en que está organizada a información, explicar o significado de palabras ou frases do texto,.. Incidirase no uso do dicionario e da expresión oral para explicar os conceptos.
- Expresar, de forma oral ou escrita, a súa opinión sobre o que di o texto.
- Exercicios encamiñados a reforzar os contidos gramaticais: as clases de palabras.
- Exercicios sobre os contidos de literatura: distinción dos xéneros literarios e dos seus trazos característicos.
- Revisar as regras ortográficas e a escritura de determinadas palabras.
- Redacción de textos de diversa tipoloxía. As actividades dependeran do tipo do texto co que se traballe: escribir a continuación do texto, redactar unha noticia, un texto expositivo,
- Fichas de reforzo e ampliación do libro de texto marcado para este curso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da editorial Xerais
Aula virtual e EVA Edixgal.
Dicionarios dixitais da lingua galega, portuguesa e catalá. Dicionario bilingüe castelán-galego.
Outros recursos electrónicos como Webs sobre a lírica medieval: <a href="https://cantigas">https://cantigas</a> Cantigas medievais Galego-Portuguesas, Universo cantigas, Biblioteca Virtual Galega...
Música galega.

O libro de texto da editorial presenta os contidos organizados en 9 temas. En cada un dos temas atopámonos con contidos de cada un dos catro bloques.

Na aula virtual o alumnado vai encontrar esquemas en pdf, Power Points, ampliacións dalgúns contidos e incluso actividades de reforzo e repaso, entre outros.

Os recursos electrónicos van dende os dicionarios dixitais precisos para a busca do significado de palabras, para a realización das actividades sobre as relacións semánticas; tamén se botará man das páxinas web relacionadas coa lírica medieval para o estudo e as actividades do bloque de Educación literaria.

Usarase a música galega no estudo do bloque de Educación literaria. A partir de versións de cantigas medievais e poemas do Rexurdimento, realizaranse as interpretacións e análises dos correspondentes textos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realízase a partir dun texto. Este curso seleccionouse un texto narrativo non literario, isto é, unha noticia de cuxo contido o alumnado terá que realizar o resumo para valorar a comprensión e mais a expresión escrita. Xunto a esta primeira cuestión, o devandito texto vai acompañado doutra serie de preguntas relacionadas cos contidos que se impartiron nos cursos anteriores do primeiro ciclo: definicións dalgunhas palabras e sinalización de sinónimos, explicacións sobre a acentuación e a acentuación diacrítica, recoñecemento das clases de palabras, identificación dalgúns tempos verbais sinxelos, entre outras. Deste xeito dedúcese o grao acadado na adquisición da competencia lingüística e mais as problemáticas que poidan presentar unha parte do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Realizaranse dúas probas escritas por trimestre sobre as unidades impartidas. Como recurso empregarase o libro de Lingua e Literatura de 3º da ESO da editorial Xerais, desenvolveranse dúas ou tres por trimestre, como máximo, de xeito que en cada proba escrita se incluírán contidos dun ou dous temas. Nestas alternaranse as cuestións teóricas e prácticas, baseadas nas explicacións e nas actividades realizadas previamente nas clases.

Cómpre ter en conta o seguinte:

- 1) As probas escritas valoraranse ata un máximo de 7 puntos, isto é, aportarán o 70% da nota total. Farase a media das dúas realizadas en cada trimestre. Tendo en conta que a materia é de contidos progresivos incluíranse en cada exame, dunha forma máis ou menos explícita, aspectos xa valorados nas probas previas.
- 2) Só se fará a media entre as dúas probas escritas se se acada un mínimo de 2,1 puntos nelas.
- 3) Terase en conta a corrección lingüística, o dominio a nivel escrito da lingua, polo que se penalizarán os erros dependendo da gravidade ata un máximo de 1,5 puntos:
  - a) faltas moi graves (-0,2): o uso errado das maiúsculas, a mala colocación dos pronomes persoais átonos, o uso de formas verbais compostas con formas de haber, os erros an acentuación diacrítica e mais na construción do xénero e o número;
  - b) faltas graves (-0,10): a escrita dos nomes propios con inicial minúscula, as incorreccións no uso de b/v e o mal uso do -h- e similares incorreccións ortográficas; os castelanismos no caso dos termos de uso frecuente.
  - c) faltas leves (-0,05): a acentuación non diacrítica.

Tamén se penalizará a ausencia dos signos de puntuación e mais a súa mala colocación, dependendo da gravidade dos casos con descontos que van do -0,05 ata o -0,10.

Realizarase unha proba de lectura, oral ou escrita, por trimestre a partir dunha selección de textos/ ou un libro, que aportará un 10 % da nota total.

-Valoraranse ata o máximo de 2 puntos os traballos, orais ou escritos, na clase e o uso correcto da lingua a nivel oral. Estas notas iranse sumando no caderno do profesor. Na nota final de cada trimestre penalizarase non traer feitas as tarefas encargadas polos profesores ou non corrixilas durante a clase e tamén as que afecten ao uso da lingua a nivel oral, dependendo da gravidade do erro.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

No caderno do profesor rexistraranse os datos do alumnado sobre os seguintes aspectos:

- Participación durante a clase a nivel oral: achegas positivas, respostas aos exercicios orais...
- Manexo da lingua oral. A nivel oral, valorarase a progresión no uso correcto da lingua, a escoita activa, crítica e reflexiva, cunha actitude de interese, de cooperación e respecto, sen prexuízos, polo que se penalizaran as actitudes negativas con respecto a estes aspectos.
- Realización e corrección dos exercicios escritos no caderno.

### CÁLCULO DA NOTA DUNHA AVALIACIÓN.

Realízase a media das dúas probas escritas, a esta súmaselle a valoración dos traballos, orais e escritos, na clase e mais a valoración da proba de lecturas; así obtense a cualificación total, que no caso de acadar un mínimo de 5, suporá o aprobado na materia.

No redondeo, terase moi en conta a participación do alumnado e mais a súa progresión no dominio da lingua a nivel escrito e mais oral.

NOTA: Na avaliación dos criterios de cualificación das diferentes unidades didácticas figura como único instrumento a proba escrita; como pode deducirse do anterior, non só se realizarán probas escritas, senón tamén probas orais, traballos na aula, textos elaborados polo alumnado na aula entre outros.

#### AVALIACIÓN FINAL.

Todo o alumnado que non acade un mínimo de cinco na suma da nota media das probas escritas da terceira avaliación, a nota da lectura obrigatoria e a nota dos traballos na clase realizará a proba escrita da avaliación final.

#### Descrición do tipo de proba

-Realizarase unha proba escrita obxectiva e individual con cuestións sobre todas as unidades impartidas ao longo do curso. De maneira que o alumnado será avaliado de todos os criterios correspondentes. Se é preciso tamén se fará unha proba escrita de recuperación das lecturas obrigatorias.

-**IMPORTANTE:** ao igual que nas probas escritas ao longo do curso, aplicaranse neste exame as reducións que correspondan polas incorreccións ortográficas e gramaticais, ata un máximo de 1,50 puntos.

#### CÁLCULO DA NOTA FINAL

O alumnado que obtivo o aprobado na 3ª avaliación e o que acade na proba escrita final unha nota mínima de 5, ou superior, aprobará a materia de Lingua Galega e Literatura de 3º da ESO. No caso de non acadar esa nota mínima permanecerá coa materia pendente para o próximo curso.

#### Actividade de recuperación:

Consistirá nunha proba escrita obxectiva e individual, na que será necesario obter unha nota mínima de 5 de 10 puntos para acadar o aprobado na materia. Conterá cuestións sobre os contidos desenvolto ao longo do curso e deseñárase tendo en conta os criterios de avaliación correspondentes.

NOTA: Ao igual que as probas escritas realizadas ao longo do curso, nesta proba aplicaranse as reducións correspondentes polas incorreccións ortográficas e gramaticais ata un máximo de 1.5P.

Entenderase que o alumno superou a materia se obtén como mínimo un 5 nesta proba (nota obtida do resultado do exame menos a redución polas incorreccións ortográficas e gramaticais) e demostrou ter superadas tamén as lecturas obrigatorias.

#### **Criterios de recuperación:**

-Realizarase unha recuperación das probas das lecturas non superadas ao comezo da seguinte avaliación e para quen non logre recuperar haberá unha proba final a finais de maio.

#### -Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada

Tendo en conta que a materia é de contidos progresivos, incluíranse en cada proba escrita, dunha forma máis ou menos explícita, aspectos xa valorados nas probas previas, polo que quen teña suspensa unha proba poderá recuperala na seguinte facendo media entre as dúas notas, sempre e cando non se acade no primeiro exame unha valoración inferior a un 2,10, o cal impediría a realización da media.

#### -Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada.

Como xa dixemos, a avaliación desta materia é continua, de maneira que se recupera a avaliación anterior non superada ao aprobar a seguinte avaliación pois o alumnado vaise avaliando ao longo do curso dunha boa parte dos mínimos esixibles para acadar o aprobado ao final.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

#### PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 2º DA ESO:

O alumnado coa materia de Lingua Galega de 2º da ESO pendente poderá recuperala se acada o aprobado nas dúas primeiras avaliacións de Lingua Galega de 3º. De non obter o aprobado nas dúas primeiras avaliacións de Lingua Galega de 3º da ESO, terá que realizar dúas actividades distintas para recuperar a materia:

1) un caderno de exercicios que estará á súa disposición na Aula Virtual e mais en Eva Edixgal. Este caderno de exercicios irase realizando ao longo do segundo trimestre e entregárase a comezos do terceiro trimestre e aportará un máximo de 2 puntos. Aplicarase un desconto proporcional polos erros lingüísticos que se cometan nel.

2) unha proba escrita sobre os contidos de Lingua Galega de 1º da ESO (contidos no libro de Lingua Galega e Literatura de 1º da ESO da editorial Xerais) valorada cun máximo de 8 puntos, que se realizará no 3º trimestre.

-O alumnado que acade unha nota mínima de 5 puntos na suma entre a puntuación do caderno de exercicios e mais a proba escrita recuperará a materia de Lingua Galega de 2º da ESO.

-O alumnado que non acade o mínimo de 5 na suma das notas do caderno e mais a proba escrita deberá realizar unha proba de recuperación da materia de Lingua Galega de 2º, valorada cun máximo de 10 puntos, onde é preciso obter unha nota mínima de 5 para recuperar a materia pendente.

IMPORTANTE: nas probas escritas de recuperación da Lingua Galega de 2º terase en conta a corrección lingüística, polo que se aplicará un desconto de 1 punto polos erros, segundo sexan moi graves, graves e leves.

#### PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 3º DA ESO:

-O alumnado con Lingua Galega pendente de 3º da ESO que acade o aprobado na 1ª e a 2ª avaliacións de Lingua Galega de 4º recupera tamén a materia pendente de 3º.

-Quen non logre o aprobado na primeira avaliación de Lingua Galega de 4º da ESO terá que realizar dúas probas escritas: unha primeira proba dos tres primeiros temas do libro de texto de Lingua Galega da editorial Xerais en xaneiro e unha segunda proba, dos temas seguintes do mesmo libro, a comezos da terceira avaliación; quen acade unha nota mínima de 5 de media entre as dúas probas recupera a Lingua Galega de 3º.

-O alumnado coa materia de 3º pendente que aprobase a primeira avaliación de Lingua Galega de 4º da ESO pero supenda a segunda avaliación de 4º terá que realizar ese segundo exame de Lingua Galega de 3º ao comezo da terceira avaliación e se a media entre a nota que tiña en Lingua Galega de 4º na primeira avaliación e mais a nota no 2º exame da materia pendente chega a un mínimo de 5 recupera a Lingua Galega pendente de 3º.

-O alumnado que non acadara unha nota mínima de 5 nos dous casos anteriores deberá realizar no mes de abril unha proba escrita de recuperación de toda a materia na que cómpre obter un mínimo de 5 puntos para o aprobado sobre unha valoración total de 10.

IMPORTANTE: nas probas escritas de recuperación da Lingua Galega de 3º terase en conta a corrección lingüística, polo que se aplicará un desconto de 1,50 puntos polos erros, segundo sexan moi graves, graves e leves.

### 6. Medidas de atención á diversidade

#### MEDIDAS ORDINARIAS

O departamento de Lingua Galega márcase o seguinte plan de traballo de cara á atención á diversidade:

1) Avaliación inicial para detectar os alumnos con dificultades de comprensión, expresión, con ritmos lentos e dificultades de aprendizaxe, descoñecemento da lingua ou outras problemáticas.

2) Exercicios de reforzo axeitados para os alumnos con dificultades de comprensión lectora e de expresión.

3) Exercicios específicos e adaptación curricular para os alumnos con ritmos lentos e outras dificultades de aprendizaxe; sempre en colaboración co departamento de Orientación.

#### MEDIDA EXTRAORDINARIA

Na materia de Lingua Galega e Literatura de 3º DA ESO organizáronse ás seguintes medidas de atención á diversidade

1) Adaptación curricular significativa: 1 Alumno con ACI en 3º ESO, que está a repetila.

Para potenciar a súa integración co resto dos compañeiros, procúrase que realicen algunhas actividades conxuntamente, como son as participacións orais sobre o vocabulario máis básico e común, o repaso a normas básicas da lingua (acentuación, puntuación...)... Así mesmo, facilitaráselles materiais adaptados para o traballo cotiá.

2) Apoio por parte das profesoras de pedagogía terapéutica (PT): reciben apoio por parte de PT os alumnos con ACs para dar resposta ás necesidades que presentan.

Así mesmo en terceiro prestarase atención a outra serie de alumnos e alumnas que o requiren: tres alumnos e

alumnas con TDH, tres con dislexia e tres con TEA, aos cales se lles aplicarán os protocolos oficiais.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual			X			X		
ET.4 - A competencia dixital			X			X		
ET.5 - O emprendemento social e empresarial							X	
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico	X		X		X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores			X			X		
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade		X	X		X	X	X	

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas e conferencias presenciais ou telemáticas dalgúns dos autores e autoras dos libros que están marcados como de lectura obrigatoria ao longo do curso.	As charlas, que se realizarán ao longo de todo o curso, aínda que se procurará situalas ao comezo de cada trimestre, teñen como obxectivo, ademais de que cada escritora e escritor explique a súa obra, fomentar o diálogo entre o alumnado e os autores sobre as obras literarias e mais os temas que nelas se desenvolven.	X	X	X
Exposicións e certames de creación literaria, incluso certames nos que se combine a arte gráfica e a literaria.	Poderán realizarse ao longo do curso, pero sobre todo naquelas datas importantes da nosa cultura, coma a das Letras Galegas. Buscarase a colaboración coa Biblioteca e outros departamentos para levalos a cabo.	X	X	X



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Colaboración na elaboración do xornal escolar O Provisional.	O xornal escolar recolle as actividades realizadas no centro educativo, entrevistas con persoeiros vinculados ao instituto, artigos sobre distintos temas do alumnado e o profesorado, debuxos e outros materiais. O alumnado de 3º da ESO estuda este curso a reportaxe, a noticia e a entrevista, polo que intervirá coas súas colaboracións na creación do devandito xornal.	X	X	X
Colaboración con outros departamentos que desenvolven actividades relacionadas coa cultura e a lingua propias de Galicia.	Participarase nas actividades relacionadas co Día das Letras Galegas e mais nas campañas de fomento da lectura desenvolvidas pola Biblioteca do Centro, no programa 21 días co galego e + en colaboración con Dinamización Lingüística e noutras actividades a prol da cultura galega procurando sempre a implicación do alumnado de 3º da ESO.			X
Asistencia a algunha actividade cultural relacionada coa cultura galega.	De xurdir a posibilidade e permitilo o orzamento, tentarase que sexa na primeira parte dalgún dos trimestres. Preténdese que contribúa a coñecer máis a cultura propia e, polo tanto, axude á formación do alumnado.	X	X	

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Impartíuse cando menos o 80% dos contidos da materia.
As actividades propostas foron variadas e adecuadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
Metodoloxía empregada
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida e as carencias do alumnado.
Facilitáronselle ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, busca de información crítica....
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron os axeitados.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.



Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitóuselles ao alumnado e ás familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación.
Outros
Proporcionóuselle ao alumnado información sobre o seu progreso e as cualificacións ao longo de cada avaliación.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.

**Descrición:**

Cada trimestre irase realizando unha avaliación da situación do desenvolvemento da programación nunha reunión de Departamento na que se establecerán tamén as adaptacións que sexan precisas.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Coa información recollida na reunión de Departamento trimestral de avaliación da programación realizarase o seguimento da mesma, incluíndo os axustes que se consideren necesarios.

Na última reunión de Departamento do presente curso avaliarase que modificacións deben realizarse na programación do vindeiro curso.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013636	IES María Sarmiento	Viveiro	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Matemáticas	3º ESO	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para a materia de Matemáticas do 3º curso da ESO. Para a súa elaboración tívoise como referencia o decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A contorna no que se atopa o IES María Sarmiento de Viveiro e as características que o conforman influirán de xeito importante na práctica docente. As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, por exemplo, o uso de encerados dixitais para apoiar o traballo diario na aula e o uso, por parte dos alumnos, de ordenadores edixgal.

No 3º curso da ESO deste centro educativo hai tres grupos, un deles incluíndo a alumnos de PDC, cun total de setenta e catro alumnas e alumnos dos que seis son de PDC, oito alumnos teñen NEAE, catro son repetidores e dous proveñen doutros centros educativos.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións.			1-2-3-4	2	5		3	4
OBX2 - Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global.			1-2	2	4	3	3	
OBX3 - Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos.	1		1-2	1-2-5			3	
OBX4 - Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado.			1-3	2-3				1
OBX6 - Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións diversas.			1-2	3-5		4	2-3	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos.			3	1-2-5			3	4
OBX8 - Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas.	1-3	1	2-4	2-3			3	3
OBX9 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxec			5		1-4-5		2	3
OBX10 - Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matem	5	3	3		1-3	2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Números racionais	Esta unidade traballa as operacións con números racionais respectando a xerarquía, as potencias e as súas propiedades e problemas que se resolven mediante o uso de números racionais.	6	11	X		
2	Potencias e raíces	As operacións con potencias e as súas propiedades e as expresións con radicais, a súa transformación e simplificación, son obxecto desta unidade.	8	11	X		
3	Proporcionalidade	Nesta unidade trátase a proporcionalidade (directa, inversa e composta) en diferentes contextos así como tamén a matemática financeira.	6	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Sucesións	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao tratamento das sucesións de cara á identificación de patróns e á obtención de fórmulas e termos xerais.	6	11	X		
5	Expresións alxébricas. Polinomios e produtos notables	Esta unidade está dedicada ao traballo alxébrico: expresións alxébricas, produtos notables e ás operacións con polinomios, incluíndo a regra de Ruffini e a factorización.	8	11		X	
6	Ecuacións e sistemas	A resolución de ecuacións lineais e cadráticas e de sistemas lineais e a súa aplicación á resolución de problemas trátanse nesta unidade.	8	11		X	
7	Funcións e gráficas. Funcións lineais e cadráticas	Nesta unidade trabállanse as funcións lineais e cadráticas, a súa representación gráfica e a dedución de información relevante a partir das súas diferentes expresións.	8	11		X	
8	Táboas, parámetros e gráficos estatísticos	O desenvolvemento desta unidade oríntase cara o traballo estatístico: a análise, interpretación e elaboración de táboas e gráficos, os conceptos de probación e mostra, e a obtención de conclusións e toma de decisións en problemas contextualizados.	6	11		X	
9	Azar e probabilidade	Esta unidade traballa a probabilidade e os seus conceptos máis relevantes (espazo mostral, sucesos, fenómenos deterministas e aleatorios, regra de Laplace...) e a resolución e problemas contextualizados.	6	11			X
10	Problemas métricos no plano	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo da xeometría plana (lonxitudes, áreas, teorema de Pitágoras, teorema de Tales) en problemas contextualizados.	6	11			X
11	Movementos no plano	As transformacións elementais (xiros, translacións e simetrías) son o obxecto desta unidade.	6	11			X
12	Corpos xeométricos	Nesta unidade trátanse as figuras xeométricas tridimensionais e o seu uso en problemas contextualizados.	6	11			X
13	Matemáticas para a vida en sociedade	Trátase dunha unidade transversal que reúne os criterios de avaliación e contidos asociados ao sentido socioafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.	20	8	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Números racionais	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de operacións de números racionais organizando os datos dados e representando a información, cando é preciso, para facilitar a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de números racionais e as súas operacións aplicando a xerarquía das operacións e utilizando a ferramenta adecuada según tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		
CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes na aplicación dos números racionais noutras materias (p. ex. Música), recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cantidade.</li> <li>- Realización de estimacións coa precisión requirida.</li> <li>- Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.</li> <li>- Aplicación de diferentes formas de representación de números, incluída a recta numérica. Obtención da fracción xeratriz dun número decimal.</li> <li>- Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou radical) para cada situación ou problema.</li> <li>- Relacións.</li> <li>- Comprensión e representación de cantidades con números enteiros, fraccións, decimais e raíces.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Potencias e raíces	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de potencias ou raíces e as súas propiedades organizando os datos dados e representando a información, cando é preciso, para facilitar a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de potencias ou raíces aplicando as súas propiedades e utilizando a ferramenta adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema de propiedades de potencias ou raíces dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.		
CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes na aplicación das potencias e as raíces noutras materias (p. ex. TICs), recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cantidade.</li> <li>- Realización de estimacións coa precisión requirida.</li> <li>- Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.</li> <li>- Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou radical) para cada situación ou problema.</li> <li>- Transformación e simplificación de expresións con radicais.</li> <li>- Relacións.</li> <li>- Comprensión e representación de cantidades con números enteiros, fraccións, decimais e raíces.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Proporcionalidade	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de proporcionalidade recoñecendo magnitudes directamente proporcionais e elaborando representacións de razóns e proporcións en relacións cuantitativas.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de proporcionalidade directa calculando a constante de proporcionalidade e aplicando a extratexia apropiada (razón de proporcionalidade ou porcentaxes).		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema dado modificando a constante de proporcionalidade utilizada.		
CA1.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando proporcións ou porcentaxes comunicando correctamente o proceso.		
CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes entre as proporcións e outras materias (p. ex. Química), recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
10	A Revolución Industrial. A xurdimento de unha nova mentalidade: o capitalismo. A nova sociedade de clases.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Coñecer os elementos básicos que conforman a identidade dos diversos pobos que conforman o mundo actual	PE	70
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Distinguir as causas inmediatas das tendencias a longo prazo que explican a orixe dos acontecementos históricos		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Comprender e elaborar unha liña do tempo como representación dunha secuencia cronolóxica		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Ante un feito histórico, explicar as causas do mesmo, o seu desenvolvemento e as seas consecuencias.		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Coñecer a diversidade cultural e histórica dos diversos pobos e sociedades ao longo do tempo.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Elaborar un cartafol con diversas tarefas, que permitan a consolidación dos saberes tratados.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Elaborar produtos analóxicos como dixitais, amosando a capacidade de seleccionar as fontes de información	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Coñecer e manexar na elaboración as diversas escalas temporais, podendo representales mediante liñas do tempo		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Elaborar produtos dixitais ou analóxicos, onde o alumnado amose a súa capacidade de síntesis da información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.</li> <li>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	A chegada de unha nova dinastía: Os Borbones. Uniformismo e Reformismo. A Crise do Antigo Réxime	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	É capaz de relacionar a multicasualidade, como elemento para comprender os fenómenos históricos	PE	80

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	É capaz de distinguir os procesos de curta e longa duración		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	É capaz de situar os feitos históricos en unha liña do tempo		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	É Capaz de identificar os principiáis feitos históricos e os seus protagonistas		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	É capaz de recoñecer a diversidade histórica, cultural do mundo actual		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	É capaz de interpretar a información adquirida e aportar a súa visión propia		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de seleccionar as fontes escritas con espírito crítico	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de elaborar diferentes produtos e domina os programas e as aplicacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.
- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.</li> <li>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.</li> <li>- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.</li> <li>- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo. A personalidade independente de Goya.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	É capaz de contextualizar os movementos artísticos	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	É capaz de situar no seu contexto as principais obras artísticas de cada un dos movementos artísticos		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Clasifica con certa seguridade as características do Rococó, do Neoclasicismo e do Romanticismo e enumera algún exemplo de España e Galicia e os relaciona cos feitos históricos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza con certo grao de seguridade unha síntese sobre o valor da arte e a súa relación co contexto. Tamén pode citar algunha influencia de Goya en pintores posteriores.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de seleccionar a información con espírito crítico		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de elaborar produtos dixitais	TI	30
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre os movementos artísticos: Rococó, Neoclasicismo e Romanticismo e incorpora nomes de mulleres artistas e xulga o por que do seu relegamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.</li> <li>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de terceiro os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

As unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica

desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial co fin de traballar dun xeito operativo, práctico e comprensible.

Segundo a máxima de que se aprende facendo é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Neste aspecto é viable aplicar neste curso diversos métodos como o traballo por proxectos; a clase invertida; aprendizaxe baseada no xogo ou baseada nun problema, etc. Todos eles propician que o alumnado traballe e afofunde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados.

En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Por medio de actividades como o deseño de rutas; simulacións de feitos históricos ou de personaxes; investigacións sobre temas curriculares; elaboración de xornais de época; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates; planteamentos e retos, etc., incentívase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" .... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo (constrúe unha historia, adiviña quen son, ordena a historia, resolve e soluciona...) xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Vídeos: cine e documentais
Atlas
Diccionario
Caderno ou Cartafol co traballo do alumno
Mapas Xeográficos E Históricos



Aplicacións e programas informáticos
Prensa
Material Funxible

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar. Empregaremos a Plataforma Edixgal, como soporte básico de contidos para os nosos alumnos.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo, a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis e perfectamente adaptábeis aos contidos que se están a impartir e é un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable.

As novelas ou o cine que traten algún dos aspectos do currículo de terceiro adoitan ser un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e disponibilidad temporal.

Pode dispoñerse de xogos históricos para ser empregados nalgunha ocasión pois favorecen un bo clima escolar.

Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade, especialmente ne grupo, neste caso.

No curso de terceiro abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, a democracia...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas....

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantearlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non serán numéricamente, xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	70	60	50	40	60	40	70
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	30	40	50	60	40	60	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	70	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	30	<b>40</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Por unha banda establécese unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso.

O curso de terceiro comprende 22 C.A distribuídos e axustados a cada unha das 12 U.D e, nesta programación, o 50% dos criterios de avaliación serán avaliados por medio de probas escritas e o outro 50% mediante táboa de indicadores. Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 60% e o das táboas de indicadores un 40%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósteres; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar.

A nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliación} = [ (\text{Media Ex.} \times 60) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 40) ] / 100.$$

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos

contidos das avaliacións suspensas. Consistirá nunha proba escrita final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Terase en conta tamén a correcta expresión escrita á hora de explicar os contidos e así, a valoración de ortografía e sintaxe na exposición escrita será, asimesmo, avaliable, pudiendo descontar ata un 10% en cada proba/traballo.

Se un alumno non puidera presentarse na data prevista para realizar a proba escrita, deberá presentar un informe xustificante da súa ausencia (xustificante médico, por exemplo). A proba deberá realizarse á maior brevidade posible trala falta de asistencia.

Se un alumno ou alumna é descuberta copiando nun exame, falando con compañeiros ou utilizando sistemas electrónicos para copiar, cualificaráselle con un 0, e suspenderá dita avaliación.

Do mesmo xeito, os traballos teñen data límite de prazo de entrega.

### **Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na realización dunha proba escrita cunha serie de preguntas exame sobre os contidos. Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica este deberá ser entregado no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas.

Para calcular a nota da recuperación considerarase o 100% das probas escritas.

Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis. Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación. Todo o traballo será guiado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe, adxuntalo de novo.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. .

O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo será por trimestre

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

100% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

Polo tanto a nota é o resultado de:

Nota trimestral da materia pendente= Nota Traballo).

No caso de que o/a alumno/a non entregase o cartafol das tarefas, cando se indicase, fará unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe corrixilo e adxuntalo de novo.

En virtude do anterior, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

Para a nota final de curso sería o resultado de:

Nota final de curso: (Nota 1ª Av. + Nota 2ª Av.+ Nota 3ª Av.) / 3.

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerlo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.

8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X				X	X	X
ET.2 - Educación ambiental			X	X		X	X	
ET.3 - Educación para a igualdade		X				X	X	X
ET.4 - Emprendemento		X	X	X	X		X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X	X	X	
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X	X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	
ET.2 - Educación ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		X		

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal incluíuse a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Parlamento de Galicia en Santiago	Visita ao Parlamento e realización dunha ginkana pola cidade.	X		
Visita a Asturias	Viaxe dun día ao Museo da Minería en Langreo e ao porto do Musel en Gijón.		X	

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demostra coñecemento da materia
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Valoración xeral da materia.
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A temporalización foi adecuada.
Realizouse a avaliación inicial
Os criterios de cualificación foron axustados.

Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e avalía
Emprega variedade de recursos
Ofrece oportunidades de recuperación
Explica con claridade
Resolve dúbidas
As actividades foron variadas e motivadoras.
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Motiva ao alumnado
É ordenado nas explicacións
Valora o esforzo
Sabe dirixir a clases
Outros
Cumpriu co horario de clase

**Descrición:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entornó a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregarse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

## **9. Outros apartados**